

zo de 2006, e visto o cumprimento dos requisitos exixidos na convocatoria,

RESOLVO:

Noméase persoal laboral fixo do CIXTEC, na categoría de programador, grupo III, os aspirantes aprobados que se relacionan no anexo.

As persoas ás que se refire o anexo deberán tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra a presente resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ante o mesmo órgano que dita o acto e, ademais, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2006.

Gonzalo Gómez Montaña
Director xeral do Centro Informático
para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira
e Contable

ANEXO

Persoal laboral fixo do CIXTEC, categoría programador

Nome e apelidos: Javier Bahamonde Amor.

DNI: 52471460-L.

Grupo: III.

Categoría: 30.

Denominación: programador.

Localidade: Santiago de Compostela.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 8 de agosto de 2006, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.

Advertidos erros no texto da dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 156, do 14 de agosto de 2006, cómpre efectuar as oportunas correccións, tanto en galego coma en castelán:

Na páxina 12.856, no anexo I, na categoría técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información (019) debe figurar técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información (020). Na categoría técnico especialista en anatomía patolóxica (020) debe figurar técnico especialista de anatomía patolóxica (019).

Na páxina 12.873, no anexo VI, nos temarios de técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información, na parte específica cómpre substituílos polos que aparecen no anexo I que se xunta.

Na páxina 12.875, no anexo VI, nos temarios de técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información, na parte específica cómpre substituílos polos que aparecen no anexo II que se xunta.

ANEXO I

Técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información

Parte específica.

I. Enxeñaría do software. Metodoloxías de desenvolvemento.

Tema 9. Metodoloxías de desenvolvemento de sistemas de información. Métrica 3. RUP. Metodoloxías áxiles.

Tema 10. Análise orientada a obxectos.

Tema 11. Modelos de calidade. Enxeñaría de procesos de software: CMMI, ISO 15504. Modelos Áxiles.

Tema 12. Linguaxe unificada de modelado (UML).

II. Desenvolvemento de aplicacións.

Tema 13. Técnicas de programación. Programación estruturada. Programación orientada a obxectos. Enxeñaría inversa e reenxeñaría.

Tema 14. Deseño e desenvolvemento de aplicacións en contorno 4GL (Informix e Multibase).

Tema 15. Deseño e desenvolvemento de aplicacións cliente/servidor con ferramentas RAD.

Tema 16. Deseño e desenvolvemento de aplicacións en tres capas. Clientes pesados e lixeiros.

Tema 17. Patróns de deseño e *Frameworks*. MVC, *Struts*.

Tema 18. Deseño e desenvolvemento de aplicacións en contorno web. Desenvolvemento de sitios web. HTML. DHTML. J2EE, JSP, Servlets, JavaScript, VBScript, ActiveX, ASP, ASP.net.

Tema 19. Linguaxes de programación Java, C#, VB.net.

Tema 20. Programación multiproceso.

Tema 21. WebServices. Compoñentes COM+, EJB.

Tema 22. Modelo de compoñentes distribuídos. DCOM. CORBA. RMI.

Tema 23. XML, XSLT, XML Schemas.

Tema 24. Configuración de servidores en clúster: alta dispoñibilidade e balanceo de carga.

III. Comunicaci3ns e redes.

Tema 25. Redes LAN, MAN e WAN.

Tema 26. Redes públicas de transmisión de datos. Sistemas de cableado. Interconexión de redes. Redes intranet e internet.

Tema 27. Modelo OSI. Niveis. Descrición de servizos e protocolos. TCP/IP. Protocolos de rede. Redes de banda larga. RDSI, ADSL, Satélite, Ethernet banda larga, *Frame Relay*, ATM.

Tema 28. Estándares móbiles: GSM, GPRS, UMTS, WAP, I-NODE. Tecnoloxías sen fíos: Bluetooth, Wi-Fi, WiMax.

Tema 29. Intercambio electrónico de datos (EDI).

Tema 30. Planificación, xestión e configuración de redes.

Tema 31. Seguridade de accesos. Dominios de seguridade. Servidores de seguridade. Tornalumes.

Tema 32. Xestión de rede. Estándares. Ferramentas e xestión. SNMP e RMON.

Tema 33. Servizos baseados na internet: correo, transferencia de ficheiros, publicación en formato hipertexto, grupos de discusión, busca e acceso á información estruturada, directorio, sincronización horaria.

IV. Sistemas operativos e software de base.

Tema 34. Principios de funcionamento dos ordenadores. Historia e evolución. Arquitectura e compoñentes dos ordenadores.

Tema 35. Conceptos xerais dos sistemas operativos.

Tema 36. Sistemas operativos Unix/Linux. Administración, xestión e soporte.

Tema 37. Sistemas operativos Windows. Administración, xestión e soporte.

Tema 38. Sistemas de almacenamento de datos.

Tema 39. Monitores transaccionais. MTS. Servidores de mensaxaría. MSMQ.

Tema 40. Sistemas de correo. *Exchange Server*.

Tema 41. Servidores de aplicacións e servidores Web. *WebSphere*, *Tomcat*, *IIS*, *Apache*.

V. Sistemas de xestión de bases de datos.

Tema 42. Sistemas de xestión de bases de datos.

Tema 43. Modelo entidade-relación. Modelo relacional. Normalización.

Tema 44. Administración e configuración de *Informix*, *SQL Server*, *Oracle*.

Tema 45. SQL. Linguaxe de definición de datos (DDL). Linguaxe de manipulación de datos (DML) e DCL.

Tema 46. Protocolos estándar de acceso aos datos.

Tema 47. Bases de datos XML Nativas. *Tamino XML Server*.

Tema 48. Xestión de datos corporativos (*Data Warehouse*). Arquitectura OLAP. Minaría de datos. Modelado dimensional.

Tema 49. Bases de datos distribuídas. Bases de datos documentais.

Tema 50. Sistemas de integración de datos. Sistemas de integración de aplicacións. Sistemas EAI, EII.

VI. Seguridade nos sistemas de información.

Tema 51. Seguridade informática: autenticación, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade, copias de seguridade.

Tema 52. A seguridade en redes públicas de datos. Seguridade en contornos de rede privados. Mecanismos de protección da confidencialidade.

Tema 53. Infraestrutura de PKI. Sinatura dixital. Certificados dixitais. Tarxetas criptográficas. Técnicas de cifrado.

Tema 54. Lei orgánica de regulación do tratamento automático dos datos de carácter persoal: LOPDCP. Regulamentos de desenvolvemento.

Tema 55. ISO 17779. UNE 71502.

Tema 56. Xestión de riscos: metodoloxía *Magerit*.

VII. Sistemas de información sanitarios. Estándares sanitarios.

Tema 57. Estrutura dos servizos de informática.

Tema 58. Estándares tecnolóxicos no ámbito sanitario: *DICOM*, *HL7*, *CDA*, *IHE*, *CEN TC/251*, *AEN/CTN 139*.

VIII. O contorno de ti na sanidade pública galega.

Tema 59. Organización da Administración autonómica de Galicia en sistemas de información. Órganos con competencia informática. Funcións da comisión técnica. A comisión de informática.

Tema 60. A tarxeta sanitaria. Tarxeta de profesional.

IX. Metodoloxía.

Tema 61. Aseguramento da calidade. Normas ISO 9000.

Tema 62. Metodoloxía ITIL. ISO 20000.

ANEXO II

Técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información

Parte específica.

I. Desenvolvemento de aplicacións.

Tema 9. Técnicas de programación. Programación estruturada. Programación orientada a obxectos. Enxeñaría inversa e reinxeñaría.

Tema 10. Deseño e desenvolvemento de aplicacións en contorno 4GL (*Informix* e *Multibase*).

Tema 11. Deseño e desenvolvemento de aplicacións cliente/servidor con ferramentas RAD.

Tema 12. Deseño e desenvolvemento de aplicacións en tres capas. Clientes pesados e lixeiros.

Tema 13. Deseño e desenvolvemento de aplicacións en contorno web. Desenvolvemento de lugares web. *HTML*. *DHTML*. *J2EE*, *JSP*, *Servlets*, *JavaScript*, *VBScript*, *ActiveX*, *ASP*, *ASP.net*.

Tema 14. Linguaxes de programación *Java*, *C#*, *VB.net*.

Tema 15. Programación multiproceso.

Tema 16. WebServices. Componentes COM+, EJB. Modelo de componentes distribuídos. DCOM. CORBA. RMI.

Tema 17. XML, XSLT, XML Schemas. Configuración de servidores en clúster: alta dispoñibilidade e balanceo de carga.

II. Comunicacóns e redes.

Tema 18. Redes LAN, MAN e WAN.

Tema 19. Redes públicas de transmisión de datos. Sistemas de cableado. Interconexión de redes. Redes intranet e internet.

Tema 20. Modelo OSI. Niveis. Descrición de servizos e protocolos. TCP/IP. Protocolos de rede. Redes de banda larga. RDSI, ADSL, Satélite, Ethernet banda larga, *Frame Relay*, ATM.

Tema 21. Estándares móbiles: GSM, GPRS, UMTS, WAP, I-NODE. Tecnoloxías sen fíos: Bluetooth, Wi-Fi, WiMax.

Tema 22. Planificación, xestión e configuración de redes.

Tema 23. Seguridade de accesos. Dominios de seguridade. Servidores de seguridade. Tornalumes.

Tema 24. Xestión de rede. Estándares. Ferramentas e xestión. SNMP e RMON.

Tema 25. Servizos baseados na internet: correo, transferencia de ficheiros, publicación en formato hipertexto, grupos de discusión, busca e acceso a información estruturada, directorio, sincronización horaria.

III. Sistemas operativos e software de base.

Tema 26. Principios de funcionamento dos ordenadores. Historia e evolución. Arquitectura e compoñentes dos ordenadores.

Tema 27. Conceptos xerais dos sistemas operativos.

Tema 28. Sistemas operativos Unix/Linux. Administración, xestión e soporte.

Tema 29. Sistemas operativos Windows. Administración, xestión e soporte.

Tema 30. Monitores transaccionais. MTS. Servidores de mensaxaría. MSMQ.

Tema 31. Sistemas de correo. *Exchange Server*.

Tema 32. Servidores de aplicacións e servidores web. *WebSphere 5.1*, *Tomcat*, *IIS*, *Apache*.

Tema 33. Paquetes ofimáticos. Procesadores de texto. Follas de cálculo.

IV. Sistemas de xestión de bases de datos.

Tema 34. Sistemas de xestión de bases de datos.

Tema 35. Modelo entidade-relación. Modelo relacional. Normalización.

Tema 36. Administración e configuración de Informix, SQL Server, Oracle.

Tema 37. SQL. Linguaxe de definición de datos (DDL). Linguaxe de manipulación de datos (DML) e DCL.

Tema 38. Protocolos estándar de acceso aos datos.

Tema 39. Bases de datos XML Nativas. Tamino XML Server.

Tema 40. Xestión de datos corporativos (Data Warehouse). Arquitectura OLAP. Minaría de datos. Modelaxe dimensional.

Tema 41. Bases de datos distribuídas. Bases de datos documentais.

V. Seguridade nos sistemas de información.

Tema 42. Seguridade informática. Lei orgánica de regulación do tratamento automática dos datos de carácter persoal: LOPDCP. Regulamentos de desenvolvemento.

VI. Sistemas de información sanitarios. Estándares sanitarios.

Tema 43. Estrutura dos servizos de informática.

VII. O contorno de ti na sanidade pública galega.

Tema 44. Organización da Administración autonómica de Galicia en sistemas de información. Órganos con competencia informática. Funcións da comisión técnica. A comisión de informática.

Tema 45. A tarxeta sanitaria. Tarxeta de profesional.

VIII. Metodoloxía.

Tema 46. Aseguramento da calidade. Normas ISO 9000.

Tema 47. Metodoloxía ITIL. ISO 20000.

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DA CORUÑA

Cédula de notificación de sentenza (678/2005).

Eu, Ana Carrasco García, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous da Coruña, por substitución, dou fe e testemuño en autos seguidos perante este xulgado do social, tramitados baixo o número 678/2005, por instancia de José Luis Gómez Pérez contra a empresa *Grupo Industrial Sisme Galicia, S.L.*, sobre cantidade, ditouse a seguinte sentenza:

«Na cidade da Coruña, o 23 de xuño de 2006, Jorge Hay Alba, maxistrado xuíz do social número dous desta cidade, viu os presentes autos de xuízo número 678/2005, seguidos por instancia de José Luis Gómez Pérez, maior de idade, asistido polo letrado Felipe Martínez Ramonde, contra a empresa *Grupo Industrial Sisme Galicia, S.L.*, que non compareceu nos autos, sendo o obxecto da reclamación, cantidade.